



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 160
25 de xuño de 2021



CSV: BOPGDSPGzkyN2797

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación [61918](#)

Toma en consideración polo Pleno do Parlamento da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [61924](#)

Rexeitamento polo Pleno do Parlamento da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia [61924](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

[61925](#)

17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG num. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

[61925](#)

17245 (11/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

[61925](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 16709 (11/PNP-001629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal [61925](#)

I 16968 (11/PNP-001658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia [61926](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 15949 (11/PNP-001543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade [61927](#)

I 16525 (11/PNP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais [61927](#)

I 16547 (11/PNP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que se poida derivar da ampliación de oferta educativa [61927](#)

I 16840 (11/PNP-001639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría [61928](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

A Ponencia designada pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto da proposición de lei e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. Esta proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 10 de febreiro de 2021, co número de asento 10503.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 16 de febreiro de 2021 admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 96, do 17 de febreiro de 2021).



1.3. Na sesión plenaria do día 23 de marzo de 2021 tomouse en consideración a devandita proposición.

1.4. Posteriormente, abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 10 de maio de 2021 (cuarta prórroga), e acordouse a súa tramitación por parte da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

1.5. As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 20 de maio de 2021, e publicadas no BOPG núm. 142, do 21 de maio de 2021, foron un total de 25 emendas ao articulado: 22 do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15978) e 3 do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 15990).

2. Composición, constitución e reunións da Ponencia

2.1. Composición e constitución da Ponencia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 27 de maio de 2021, designou as seguintes ponentes:

— Polo G. P. Popular de Galicia: Paula Prado del Río (titular) e Sandra Vázquez Domínguez (suplente).

— Polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Presas Bergantiños (suplente).

— E polo G. P. dos Socialistas de Galicia: Noa Susana Díaz Varela (titular) e María Leticia Gallego Sanromán (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 27 de maio de 2021, coa presidencia da Sra. Porro Martínez e coa asistencia das ponentes titulares: Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela. Nesta sesión fixaron o calendario inicial de traballo.

Nas seguintes reunións, que tiveron lugar os días 4 e 17 de xuño, coa asistencia das ponentes titulares, Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela, analizaron con detemento o texto articulado obxecto desta proposición de lei e as emendas formuladas. Así mesmo, formalizaron, na procura de achegar as distintas posicións, propostas de aceptación, transaccións ou rexeitamento de emendas.

Na derradeira reunión, que tivo lugar o día 23 de xuño, coa asistencia das ponentes titulares, concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

3. Elaboración do informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:



1. A aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:

1.1. As transaccións que a seguir se relacionan:

— No apartado un do artigo único, polo que se dá nova redacción ao artigo 20 do decreto legislativo modificado, relativo á perspectiva de xénero na universidade e na investigación, a transacción da emenda número 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia e o apartado 1.a, así como a transacción da emenda número 14 do G. P. dos Socialistas de Galicia e o apartado 2.c.

— No apartado dous do artigo único, polo que se engade ao decreto legislativo modificado un novo artigo 20 *bis*, relativo a avaliación dos méritos, *curriculum vitae* e traxectoria investigadora nas convocatorias públicas de I+D+i, a transacción conxunta elaborada verbo das emendas número 2 do G. P. Popular de Galicia e número 20, 21 e 22 do G. P. dos Socialistas de Galicia e o apartado c.

1.2. As emendas técnicas incorporadas ao texto articulado, polas que se divide a modificación legislativa nun artigo único subdividido en dous apartados e se incorpora a súa titulación e encauzamento, así como a titulación das disposicións derradeiras.

1.3. As emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia números 1, 3, 6, 7, 12, 13, 15, 16 e 19.

1.4. As emendas do G. P. Popular de Galicia números 1 e 3 (coa conseguinte incorporación da emenda técnica).

2. Por último, respecto das restantes emendas do G. P. do Socialistas de Galicia, a Ponencia recoméndalle á Comisión o seu rexeitamento.

4. *Texto articulado do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.*

Exposición de motivos.

O ordenamento xurídico galego establece na actualidade os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non-discriminación por razón do xénero. Porén, no noso país persisten aínda discriminacións en todos os ámbitos da vida social, cultural, laboral, económica e tamén no ámbito académico e da investigación.

Son múltiples os estudos que evidencian a pervivencia e reprodución das fendas de xénero, tanto verticais coma horizontais, na ciencia e na investigación; discriminacións que resultan de se conxugaren, entre outros, dous fenómenos:

a) O *glass ceiling* ou «teito de vidro», segundo o cal as mulleres van avanzando posicións nas súas carreiras profesionais ata se atoparen cun teito ou barreira invisible que impide o seu progreso ata a cima.



b) O *leaky pipeline* ou «tubaxe que pinga», polo cal as mulleres van desaparecendo progresivamente, pinga a pinga, das carreiras científicas ás que van accedendo, polos obstáculos e pexas que atopan.

Neste contexto, hai tempo que os principais organismos de investigación e goberno, tanto galegos como estatais e internacionais, recoñecen que existen situacións de desvantaxe nos procesos competitivos de captación de contratos ou financiamento de proxectos relacionados co xénero e coas circunstancias derivadas da maternidade que poden ocasionar unha interrupción temporal na actividade e na carreira do persoal investigador e, en especial, das mulleres investigadoras.

As conclusións de numerosos traballos científicos de referencia internacional amosan as dificultades e pexas que as mulleres atopan ao longo da súa carreira investigadora e as desvantaxes e discriminacións que sofren fronte aos seus compañeiros homes. Estas dificultades tradúcense no feito de a proporción de mulleres descender de maneira alarmante segundo se ascende na carreira investigadora.

Fronte a esta realidade, o Instituto Europeo para a Equidade de Xénero (EIGE, nas súas siglas en inglés) estableceu unha serie de recomendacións a respecto da carreira investigadora nas que insta a crear un marco legal e político e proporcionar ferramentas que eliminen as barreiras legais e de calquera outro tipo na contratación, retención e progresión da carreira das mulleres investigadoras.

Esta proposición de lei pretende, pois, introducir medidas reguladoras que garantan a igualdade de xénero no acceso ás convocatorias públicas de investigación nas universidades galegas, os organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do sistema de I+D+i galego co obxectivo de evitar situacións de discriminación e vulneración dos principios de igualdade de trato e de oportunidades. Así mesmo, busca incorporar a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, co fin de facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes.

Así pois, a lei consta dun artigo único e dúas disposicións derradeiras dirixidos a apoiar, promover e visibilizar o traballo investigador das mulleres en Galicia e tamén a introducir mecanismos correctores e obxectivos nas convocatorias públicas de I+D+i para evitar a discriminación e/ou penalización das mulleres, e tamén dos homes, en casos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso.

Coa finalidade de dotármonos de máis e mellores ferramentas para conseguir a plena igualdade formúlase a seguinte lei.

Artigo único. Modificación do decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

O decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, queda modificado como segue:

Un. O artigo 20 queda redactado da seguinte maneira:



«Artigo 20. *A perspectiva de xénero na universidade e na investigación*»

1. Co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes no ámbito da universidade, da investigación e da transferencia do coñecemento adoptaranse as seguintes medidas:

a) Fomentar a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas universidades galegas.

b) Apoio á realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero; e garantírase que nos proxectos de investigación e de transferencia do coñecemento dos que se poidan extraer resultados para as persoas se teña en conta a perspectiva de xénero.

c) Garantírase a formación da totalidade do persoal en materia de perspectiva de xénero e prevención da violencia contra as mulleres.

d) Apoio, a través do establecemento de medidas de acción positiva, do traballo das mulleres no ámbito da investigación, fomentando a súa participación e liderado en grupos de investigación, de acordo co disposto no artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 9.2 da Constitución española.

e) Visibilización das achegas das mulleres nos ámbitos científico e técnico ao longo da historia e na actualidade, tanto aquelas de recoñecido prestixio e carreira consolidada como o talento emergente.

f) Garantía de que os períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes, non repercutan negativamente na formación e na carreira docente e investigadora.

2. As universidades e os centros e institucións de investigación galegos deben:

a) Garantir o cumprimento do principio de non-discriminación por razón de xénero tanto directa como indirecta, e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, así como entre a totalidade do persoal ao seu servizo.

a bis) Garantir o acceso á ensinanza universitaria e á investigación de mulleres con diversidade funcional e o fomento das novas tecnoloxías que faciliten a súa integración.

b) Garantir a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións, nas comisións de selección e avaliación e nos comités de persoas expertas. Esta participación equilibrada supón que as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexa menos do corenta por cento, tal e como define a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

c) Avanzar no deseño de métodos de avaliación da calidade científica e académica que incorporen a perspectiva de xénero e garantan a non-discriminación por razón de sexo ou xénero.



d) Promover un uso dos tempos e da organización do traballo que facilite a conciliación e favoreza a corresponsabilidade de homes e mulleres, permitindo compatibilizar o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica coas responsabilidades persoais e de coidado.

e) Garantir que as avaliacións de persoal docente e investigador teñan en conta a perspectiva de xénero e a non-discriminación, directa ou indirecta, por razóns de sexo.

f) Garantir que nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académico-profesional, os que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a persoa interesada, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes, ou por razóns de violencia de xénero.

g) Establecer criterios de acción positiva nas axudas á investigación, garantindo a calidade e a excelencia, nas convocatorias de axudas, de forma que se valore positivamente que os grupos estean liderados por mulleres, integrados por máis dun 40 % de mulleres ou incorporen a perspectiva de xénero.

h) Dotarse de protocolos e establecer medidas de cooperación interinstitucional para a detección precoz da violencia de xénero e de apoio ante calquera das formas de violencia definidas na lexislación galega.

i) Potenciar a vocación científica e investigadora entre as mulleres.»

Dous. Engádesse un novo artigo 20 *bis* coa seguinte redacción:

«Artigo 20 *bis*. *Avaliación dos méritos, currículo vitae e traxectoria investigadora nas convocatorias públicas de I+D+i*

a) A Administración autonómica desenvolverá medidas tendentes a garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes evitando calquera discriminación ou penalización directa ou indirecta por razón de xénero en todos os procesos de avaliación e/ou selección do persoal investigador.

b) Para as convocatorias públicas de I+D+i onde o criterio de avaliación comprenda a valoración dos méritos acadados durante un período concreto e limitado ou ao longo de toda a carreira investigadora, así como aquelas en que o criterio de avaliación estea baseado na consecución duns méritos mínimos computados durante o total da carreira investigadora ou durante un período limitado e concreto desta, a Administración autonómica deberá computar como tempo de inactividade investigadora o tempo desfrutado de permiso de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso.

c) Nas bases das convocatoria de axudas, establecerase o factor corrector que en cada caso corresponda e que permita compensar os períodos de inactividade investigadora e garantir a igualdade de oportunidades.»



Disposición derradeira primeira. *Aplicación das medidas nas convocatorias públicas*

As medidas previstas no artigo 20 *bis* serán aplicables nas convocatorias públicas unha vez transcorridos os tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario*

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta lei.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Paula Prado del Río

Olalla Rodil Fernández

Noa Susana Díaz Varela

O Pleno do Parlamento, na sesión do 22 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Toma en consideración polo Pleno do Parlamento da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- 16419 (11/PPL-000007)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

BOPG nº 144 e 145, do 26 e 27.05.2021

Sometida a votación, é aprobada pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes, polo que se toma en consideración.

Rexeitamento polo Pleno do Parlamento da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia

- 2021 (11/PPLC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia

BOPG nº 21, do 24.09.2020

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións.

- 17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG num. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 17245 (11/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 16709 (11/PNP-001629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis



Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2. A demandarlle ao Goberno de España que promova, na tramitación parlamentaria en curso do Proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, actualmente no Congreso, a supresión do artigo que reforma a Lei 35/2006, do imposto sobre a renda das persoas físicas, para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venda dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. E que, no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas.»

- 16968 (11/PNP-001658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

BOPG n.º 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que:



1. Non proceda á tramitación e autorización dos proxectos eólicos da súa competencia que supoñan a implantación fóra das áreas definidas polo plan Sectorial eólico vixente en Galicia, de acordo co regulado na disposición derradeira sexta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, tampouco daqueles que se atopen en Rede Natura, en virtude do establecido no artigo 31 da Lei 8/2009 e no artigo 60.3.d).2º) do Anexo II do Decreto 37/2014.

2. Proceda a modificar a información do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto demográfico co fin de proporcionar información clara e veraz sobre a instalación de proxectos eólicos en diversas zonas protexidas avaladas pola lexislación ambiental e sectorial galega.

3. Proceda a solicitar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto demográfico a modificación do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, para os efectos de ampliar os prazos de tramitación dos proxectos eólicos para evitar a presión xerada polo Goberno co establecemento dunhas datas moi axustadas e prexuízos económicos importantes no caso de non cumprirse, o que está a provocar unha solicitude desmesurada de parques sen a suficiente información con grave impacto no desenvolvemento con garantías do traballo administrativo por parte dos órganos sectoriais e ambientais da Comunidade Autónoma.»

Rexeitamento da iniciativa

- 15949 (11/PNP-001543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade

BOPG nº 140, do 19.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 16525 (11/PNP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais

BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

Punto 3: rexeitado por 19 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.

- 16547 (11/PNP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que se poida derivar da ampliación de oferta educativa
BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 16840 (11/PNP-001639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría

BOPG nº 152, do 09.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 14 votos a favor, 39 en contra e 19 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGzkaYnZ79y7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

